

CALENDARIO LABORAL 2018

- ❖ **1 xaneiro:** Aninovo
- ❖ **6 xaneiro:** Reis
- ❖ **29 marzo:** xoves santo
- ❖ **30 marzo:** venres santo
- ❖ **1 maio:** Festa do traballo
- ❖ **17 maio:** Día das Letras Galegas
- ❖ **25 xullo:** Día da Patria Galega
- ❖ **15 agosto:** A Asunción
- ❖ **12 outubro:** Día do Pilar
- ❖ **1 novembro:** Tódolos Santos
- ❖ **6 decembro:** A Constitución
- ❖ **8 decembro:** Inmaculada
- ❖ **25 decembro:** Nadal
- ❖ **2 festivos locais** para cada Concello (informarte no sindicato dos festivos locais do teu Concello).



**DEFENDE O TEU CONVENIO
AFÍLIATE Á CIG!!!**

CONVENIO COLECTIVO DO COMERCIO DE MATERIAIS PARA A CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO DA PROVINCIA DE OURENSE 2017-2018



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

- ❖ **OURENSE:** Parque de San Lázaro, 12, 4º. Tfno. 988 23 31 34
- ❖ **O CARBALLIÑO:** Rúa Martínez Avellanosa, 14. Tfno. 988 27 28 11
- ❖ **O BARCO:** Pza. do Concello, 2-1º. Tfno. 988 32 15 11
- ❖ **VERÍN:** Rúa Pedro González, 5 (Casa Sindical). Tfno. 988 41 23 45
- ❖ **XINZO DE LIMIA:** Pza. do Toural (Casa Sindical). Tfno. 988 46 25 83

PRINCIPAIS MELLORAS CONSEGUIDAS NA NEGOCIACIÓN DO CONVENIO

Retribucións:

- ❖ **subida salarial** do 1,5% para o ano 2017 que se empezará a cobrar a partires do 1 de xullo.
- ❖ **revisión salarial e incremento 2018:** unha vez recoñecido o IPC a 31 de decembro de 2017, revisaranse os salarios en todo o que rebase o 1,5 %. Sobre os salarios revisados co exceso do IPC, aplicarase unha suba do 1,5 % para 2018.
- ❖ **horas extraordinarias:** pagaránse cunha recarga do 100 % sobre o valor da hora simple, cando se realicen en días hábiles, e cunha recarga do 150 % no caso de domingos ou festivos.

Complemento por Incapacidade Temporal: complementarase desde o primeiro día o **100 % do salario**, durante as situacións de incapacidade temporal derivada de *accidente laboral ou enfermidade profesional*.

No caso de *enfermidade común* con hospitalización, perceberase o **100% do salario** desde o 1º día do ingreso ate a alta médica.

Xornada de traballo: consolídase no convenio o descanso retribuído do sábado santo e o descanso retribuído de media xornada de tarde os días 24 e 31 de decembro.

Acoso laboral e sexual: incorpóranse protocolos de actuación para calquera tipo de acoso no traballo, ben sexa sexual ou psicolóxico.

Licenzas:

- ❖ 15 días naturais en caso de *matrimonio* do traballador/a ou parella de feito inscrita no rexistro civil.
- ❖ 3 días nos casos de falecemento, accidente ou enfermidade grave ou hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, para os familiares de 1º grao de consanguinidade ou afinidade. Cando o parentesco sexa de 2º grao, o permiso será de 2 días.

- ❖ No caso de *desprazamento a outra provincia*, os permisos do apartado anterior ampliaranse en 1 día.
- ❖ Dereito a unha *reducción de xornada de traballo* quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de 12 anos ou un discapacitado físico, psíquico ou sensorial, que non desempeñe unha actividade retribuída, coa diminución proporcional do salario, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.

TÁBOAS SALARIAIS

GRUPO	Categoría	Salario 2017
GRUPO I: Dirección	Director/a xeral de empresa	1.375 €
	Xerente de empresa	1.362 €
GRUPO II: Técnicos/as	Titulado/a de grao superior	1.241 €
	Titulado/a de grao medio	1.157 €
	Contable	958 €
GRUPO III: Xefes/as e encargados/as	Xefe/a de sección ou departamento	1.200 €
	Encargado/a de sección ou depeartamento	931 €
GRUPO IV: Administración	Oficial administrativo/a e informático/a	931 €
	Auxiliar administrativo/a	877 €
	Axudante administrativo/a	810 €
GRUPO V: Ventas	Vendedor/a comercial viaxante	931 €
	Dependente/a	877 €
GRUPO VI: Profesionais e especialistas	Profesional de oficio de 1ª	877 €
	Profesional de oficio de 2ª	824 €
	Chofer vehículos pesados	877 €
	Chofer vehículos lixeiros	824 €
	Profesional de oficio de 3ª	824 €
	Mozo/a especializado/a	824 €
	Limpador/a	738 €
OUTROS CONCEPTOS:		
PLUS TRANSPORTE	3,16 €/día efectivo de traballo	
DIETA COMPLETA	36,65 €	
METADE DIETA	10,54 €	
KILOMETRAXE	0,2 €/Km.	

Unha vez coñecido o IPC de 2017 e revisados os salarios en todo o que rebase o 1,5 %, aplicarase o incremento pactado para 2018.

Recibirás a información dos novos salarios en xaneiro de 2018.